

AGPI - ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA ILUSTRACIÓN
ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA

26 de outubro de 2013

Salón de actos do Centro Cultural Novacaixagalicia
(Rúa do Vilar 19, 15705 Santiago de Compostela)

Primeira convocatoria: 17:00 h

Segunda convocatoria: 17:30 h

Preside a asemblea o vicepresidente, Alberto García Ariza, ante a falta anunciada do presidente da asociación, Santiago Gutiérrez Gómez, por causas familiares. Ábrese a sesión ás 17:30 h, coa lectura e a aprobación da acta da asemblea anterior.

- Informe económico e aprobación, no seu caso, das contas de 2012.

Ingresos: 22.592,43 euros. Deles, 17.329,00 veñen das cotas de socio; 1.325,12 das inscricións do curso de Cor dixital; e 3.870,37 do pagamento da subvención da Deputación do ano 2011. Gastos: 22.388,36 euros. Deles, 10.643,58 son de servizos profesionais (secretaría técnica, profesorado cursos e relatorios encontro, revisión portafolios, etc.); 5.423,84 do aluguer do local; 6.456,16 doutros servizos (xestoría, catering do curso, xantar do Encontro, viaxes de convidados, teléfono e internet da sede, electricidade, etc.). Destácanse os 812,64 euros por servizos bancarios, provocados na súa maior parte polas devolucións de cotas de socios que non teñen nese momento diñeiro na conta. Despois de impostos, os resultados dan unha perda de 141 euros.

Na conta, comezamos o ano con 19.083,42 euros e acabámolo con 17.856,90 euros: a diferenza é maior que a perda contabilizada, porque os datos do primeiro e último día do ano non reflicten exactamente todos os movementos contables do ano (hai movementos bancarios que se fan antes ou despois desas datas). O realmente fiable son as contas proporcionadas pola xestoría.

O curso de Cor dixital produciu pois uns ingresos duns 1325 eur e tivo uns gastos duns 1100 euros. As outras actividades, non obstante, van a conta do investimento da asociación.

As contas apróbanse por unanimidade.

- Previsións de tesourería para o ano en curso.

Os gastos correntes por cada trimestre roldan os 3000 euros, e os ingresos por cotas, arredor dos 4000. Así pois, o que pode descadRAR as contas só é a organización de actividades que non contén con financiamento propio (inscricións, axudas institucionais). Tendo en conta que este ano se fixeron máis actividades que o anterior, e que a entrada de diñeiro procedente de axudas e subvencións diminúe (a subvención da Deputación correspondente a 2012, pagada aínda nestas semanas, é de só 1001,25 eur, e a concedida para este ano, pagadoira en 2014, é unicamente de 600 euros), en 2013 podemos afrontar perdas contables un pouco maiores. Así e todo, contamos con fondos abondo (nestes momentos, 17.617,59 euros), pero pode estudarse unha maior contención económica para 2014, sen esquecer seguir buscando financiamento por máis vías.

- Repaso das actividades desenvolvidas no exercicio 2012-2013.

— Actividades para os socios e actividades públicas.

Xestión de descontos con tendas: actualmente, asinados convenios de desconto con 20 tendas de toda Galicia (A Coruña, Lugo, Santiago, Ourense, Pontevedra e Vigo) e mais unha online.

27 de outubro de 2012: IX Encontro Galego de Ilustración (Centro Cultural Novacaixagalicia, Santiago de Compostela, de 10:00 a 14:00), con David Rubín e Alberto Taracido; Virginia Curiá e Tomás Conde; Alberto Vázquez e Julián Romero.

30 novembro e 1 e 2 de decembro de 2012: participación da AGPI no Culturgal (Pazo da Cultura, Pontevedra). Stand propio; organización da actividade «A hora da ilustración» (7 socios mostraron as súas obras en proxección comentada ante o público); cómic mural en forma de cadáver exquisito no stand; organización encontros vis à vis con empresarios culturais.

13 de decembro de 2012: colaboración da AGPI na organización da xornada «El libro digital ilustrado: pasos hacia nuevos paradigmas», Casa del Lector (Madrid). Os resultados poden verse en vídeo (11 vídeos, cun total de cinco horas de duración), publicados entre febreiro e marzo de 2013 na web do Observatorio da Ilustración Gráfica.

2 a 23 de marzo de 2013: participación da AGPI no Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra (Pazo da Cultura, Pontevedra), coa exposición «Parafusos, alambiques e birleques», con traballos de 16 socios. A exposición pode verse tamén no Flickr da asociación.

18 de marzo de 2013: AGPI organiza, dentro do Salón de Pontevedra, a «Revisión de portafolios de ilustración», con Jacobo Fernández e Marc Taeger. Actividade gratuíta, aberta a todos os ilustradores interesados.

6 de abril de 2013: Curso AGPI: «Entintado manual e dixital», impartido por José Luis Ágreda (de 10:30 a 20:30, no Centro Sociocultural O Ensanche de Santiago de Compostela). Prezo de inscrición de 10 euros (socios), 20 euros (estudantes non socios) e 30 euros (público xeral).

6 de abril de 2013: Ilustranoite, comisariado por Óscar Villán (Cantina Galopín, Santiago de Compostela), con obra de oito ilustradores (socios e non socios).

22 de xuño 2013: I Debate sobre o Estado da Ilustración (Centro Cultural Novacaixagalicia, Santiago de Compostela, de 10:30 a 14:00), con Manel Cráneo, Marina Seoane, David Pintor, José Domingo e Yago García. Entrada libre e gratuíta.

26 de xullo 2013: AGPI publica unha nota en solidariedade coas vítimas do accidente de Angrois, e cambia durante unha semana os seus avatares nas redes sociais por unha bandeira de loito deseñada por Idoia de Luxán.

1 a 11 de agosto de 2013: presenza da AGPI con caseta propia na feira do Viñetas desde o Atlántico/Feira do Libro da Coruña. Participación no programa de actividades con:

- Sesións gratuítas de revisión de portafolios (venres 9, de 12,00 a 14:00: Max e David Aja; sábado 10, de 12,00 a 14:00: Carlos Portela e Fran Bueno)
- Combate de debuxantes (xoves 8, 21:00, The Room), coa participación de 8 ilustradores (socios e non socios). Entrada gratuíta.
- Sketchcrawl especial, en colaboración con Urban Sketchers Coruña (sábado 10, 10:00 a 14:00 h).

Participación gratuíta.

26 de outubro de 2013: X Encontro Galego de Ilustración e festa 10º aniversario do Encontro.

– Actividade en liña:

Perfil de Facebook: 4273 amigos (25/10/2013); páxina en Facebook: 338 "gústame".

Perfil de Twitter: 131 seguidores (25/10/2013).

Web agpi.es:

– actualización semanal da axenda interna con convocatorias, concursos, cursos e eventos.

– actualización semanal da sección de noticias (unha media de 2-3 noticias á semana). Desde o 1/11/2012, 182 noticias publicadas (despois referenciadas nos perfís de Facebook e Twitter).

Decembro de 2012: apertura da conta de AGPI en Pinterest.

Decembro de 2012: relanzamento do Boletín Novas AGPI (nova versión do boletín da AGPI para socios) coa publicación do nº 0. Xaneiro de 2013: Boletín Novas AGPI nº 1; febreiro de 2013: Boletín Novas AGPI nº 2; marzo de 2013: publicación do Boletín Novas AGPI nº 3; abril de 2013: publicación do Boletín Novas AGPI nº 4; xuño de 2013: publicación do Boletín Novas AGPI nº 5.

Marzo de 2013: publicación do nº 1 do Boletín Novas AGPI - Edición aberta; abril de 2013: Boletín Novas AGPI - Edición aberta nº 2; xuño de 2013: Boletín Novas AGPI - Edición aberta nº 3.

– Actuacións perante a Administración e outros organismos.

Petición de subvencións:

- Consellería de Cultura Xunta de Galicia: petición de axuda para o proxecto «Caderno AGPI»; non concedida.
- Deputación da Coruña: petición de axuda para as actividades do ano. Concedidos: 600,00 euros.
- Petición ao Ministerio de Cultura a través de FADIP, para unha xornada sobre libro dixital en Santiago de Compostela: non concedida.

19 de marzo de 2013: carta aberta enviada á Deputación da Coruña, lamentando o excesivamente axustado do prazo para a participación no VIII Premio de Banda Deseñada «Castelao» (nesta edición, de apenas un mes). Un resumo da carta foi publicado tamén na web da AGPI.

2 de abril de 2013: votación para os premios do Salón do Cómic de Barcelona 2013, de acordo cos resultados votados polos socios na enquisa en liña preparada ao efecto.

11 de outubro de 2013: presenza de representación da AGPI no xurado do Premio Nacional de Ilustración (Ministerio de Cultura). Representante: Almudena Aparicio. A asociación estivo representada tamén a través da FADIP, que enviou a Mariona Cabassa.

• Proposta de actividades e actuacións para 2013-2014

– MICAtlántica

Neste mes de outubro a Xunta de Galicia contactou coa AGPI para a súa participación da AGPI no Mercado das Industrias Culturais Atlánticas (MICAtlántica, Cidade da Cultura, Santiago de Compostela, 23 a 26 de novembro de 2013). Dado o pouco tempo existente, apróveitase a asemblea para a difusión da feira entre os asociados. A organización tamén propón que a AGPI faga algún tipo de presentación, e acórdase estudar como afrontar esa participación.

– Salón do Libro de Pontevedra 2014

Este mes tamén se fixeron as primeiras xestións perante a organización do Salón do Libro de Pontevedra 2014. A postura da asociación é non participar máis nas mesmas condicións (unha exposición de ilustracións sobre un tema dado, na que os ilustradores participan de forma gratuíta), o cal é referendado pola asemblea. A decisión é pedir alternativas á organización

de forma que o que se faga se faga ben, aínda que sexa con menos ilustradores (en todo caso, escollidos pola propia organización).

– Outras actividades previstas: novo curso profesional (posibilidades: portafolios e marketing), nova edición do Debate sobre o estado da ilustración, nova edición do Encontro Galego de Ilustración. Buscar de novo a edición do Caderno AGPI ou outra semellante.

- Renovación da xunta directiva: presentación de candidaturas / Votación e elección da nova xunta.

A única candidatura á presidencia, dado que Santy Gutiérrez anunciou previamente a súa renuncia a presentarse novamente, é a de Marina Seoane Pascual. Os outros socios que se acceden a formar parte da Xunta directiva son Bernal Prieto González (vicepresidente), Diego Sendón Cedrón (tesoureiro), Almudena Aparicio Andiñón (secretaria), e mais Aida Alonso, Jaime Asensi, María Álvarez Hortas, Hugo Covelo Moreira, Sergio Covelo Moreira, José Domingo Domínguez Used, Alberto Rodríguez Guitián, Xan López Domínguez (delegado en FADIP), Rubén Mariño, Augusto Martínez Zamudio (Augusto Metzli), Diego Ogando 'El Spen', Jorge Fernández Peral, Francisco Pérez Villanueva 'Quico', Miguel Ruiz Díaz 'Sekone' e Ana Santiso como vogais. A nova directiva é aprobada por unanimidade.

Péchase a sesión ás 19:30 h.